

Denominación da Entidade ANTAXURADA SL	Clave Entidade
Nome artístico XANDOBELA	Clave Grupo
Título do espectáculo O CHINEIRO DA TÍA MARÍA	

O CHINEIRO DA TÍA MARÍA

Lingua, contos e música

DURACIÓN:

60 minutos, aproximadamente.

DESTINATARIOS:

Grupos de ata 50 nenos/as de 5 a 9 anos.

REQUISITOS DO ESPAZO:

Espazo amplo e acolledor, con boa acústica. Biblioteca.

PREZO:

300 € + 21% IVE



A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, perante a Deputación da Coruña en Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal



SINOPSE:

Aínda que a xente grande se farte de escoitar os nosos “e por que isto...? E por que isto outro...?”, é de intelixentes querer saber o porqué das cousas. Se á xente grande se lle acaba a paciencia e deixa de responder as nosas dúbidas, non hai máis que ir á casa da Tía María, á que nada lle preguntabas e todo che dicía. Na súa cociña ten un chineiro que nin que fose máxico! Sempre ten sabias respostas a calquera pregunta que lle poidas formular. Que é, que será, o que a Tía María fai por alí gardar?

A Tía María achegouse a min con moito secretismo e díxome ao oído:

“Todos os refráns, cántigas e contos que a miña avoa e o meu avó me contaron ao longo da súa vida, funos gardando neste chineiro, polo moito que me prestaban, coma se dun tesouro se tratase. Co tempo, decateime de que o que aquí tiña era un verdadeiro tesouro, pois nos refráns, cántigas e contos están as sabias respostas para todo o que te poidas preguntar. E neste caixón, é onde gardo a parte máis prezada do tesouro: as palabras para poder contalos. Porque ao igual que para saber das cousas da China o mellor é saber chinés, para saber ben ben das nosas cousas, o mellor é usar a nosa lingua!

E se un tesouro tamén ti queres ter, xa sabes o que tes que empezar a facer!”

“O chineiro da Tía María” é unha contada que emprega a técnica tradicional europea do “cantastoria”, no que se mistura a narración de historias, as pinturas en grandes lenzos e a música. Esta proposta xurde da participación de Xandobela no proxecto “Babel: técnicas para a difusión do patrimonio oral e literario” subvencionado polo programa europeo Erasmus+ (<https://babelerasmusplus.weebly.com/>) no que Xandobela está a desenvolver novas técnicas para a difusión do noso patrimonio cultural inmaterial, nomeadamente a lingua entre a cativada.

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, perante a Deputación da Coruña en Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal